

Partido Animalista PACMA

PROGRAMA ELECTORAL – ELECCIÓN ÁS CORTES XERAIS 20 DE NOVEMBRO DE 2011

PRINCIPAIS PROPOSTAS ELECTORAIS

1. Prohibición dos deportes, festexos populares e demais espectáculos e actividades nos que se empregan animais, coma os circos, zoolóxicos, acuarios...
2. Sacrificio cero nas canceiras coa prohibición da venda de animais e programas de adopción e esterilización.
3. Fomento e promoción dunha educación baseada no respecto e consideración moral cara ós animais.
4. Prohibición da caza
5. Peche das granxas peleteiras e prohibición da importación de peles
6. Opción de menú sen produtos de orixe animal nas administracións públicas e nos centros escolares.
7. Reforma electoral cunha asignación xusta da representación en función do número de votos e no das circunscricións.
8. Prohibición da experimentación animal, substituíndoa polo emprego de alternativas científicas éticas
9. Fomento dunha agricultura ética e sostible
10. Endurecemento das penas por maltrato animal

INTRODUCCIÓN

Unha relación soamente pode ser considerada ética cando todas as partes implicadas se ven beneficiadas. E resulta evidente para todo aquel que teña estado nunha canceira ou nunha granxa de animais que a maneira en que tratamos os animais é lamentábel.

Somos moitos os que **rexeitamos o sufrimento dos animais e desenvolvemos unha capacidade empática para con eles**. Isto amosa que somos capaces de poñermonos no lugar doutro, indo máis aló da barreira da especie. É certo que fomos educados para que rexeitemos as nosas emocións e para que sigamos un estilo de vida totalmente inxusto. Porén, podemos elixir actuar doutra maneira.

O movemento pola defensa dos animais, que se atopa representado no terreo político polo Partido Animalista - PACMA, é necesario. Este movemento fai unha proposta á sociedade, que consiste en **ampliar o noso círculo de consideración moral para incluír tamén os animais**.

Co tempo fóronse cuestionando e rexeitando diversas discriminacións, coma o racismo, o sexismo e a homofobia. Porén, **hai outra discriminación que debemos cuestionar: o especismo**. É dicir, a **discriminación da que son vítimas aqueles animais que non pertencen á nosa especie**. É esta discriminación a que fai que os seus intereses en gozar e en non sufrir sexan ignorados, e a que leva a que millóns de animais sexan masacrados.

O PACMA organizou e participou en varias manifestacións ó longo de toda a xeografía española. Convocamos anualmente a concentración contra o Toro da Vega en Tordesillas (Valladolid); estivemos presentes en Amposta opoñéndonos ós Correbous; amosamos a tortura do Toro Xubilo de Medinaceli; presentamos alegacións contra o exterminio de animais que permitirá o Catálogo de Especies Invasoras; realizamos actos promovendo a adopción; pedimos a inclusión de opcións libres de alimentos de orixe animal nos comedores das Administracións Públicas; protestamos contra os circos con animais, etc.

Nas próximas eleccións é posible que vexas a partidos tentando procurar desesperadamente o voto dos defensores dos animais. Non te deixes enganar. Os seus representantes nunca estiveron implicados no movemento pola defensa dos animais. Porén, **as candidaturas do Partido Animalista – PACMA están integradas por persoas que levan varios anos dedicando o seu tempo e os seus cartos, de xeito desinteresado, a quen non teñen voz para pedir xustiza por si mesmos**.

EDUCACIÓN

A educación é o futuro. O Partido Animalista - PACMA defende unha sociedade máis xusta e igualitaria para todos. Rexeitamos a discriminación en función da especie (especismo), que comparte as mesmas raíces que o sexismo, o racismo e a homofobia. Consideramos que todas as discriminacións levan o mesmo grao de inxustiza e que deben ser erradicadas da nosa sociedade mediante unha educación baseada no respecto e na sensibilidade.

- 1. Realizaremos campañas de sensibilización nos centros educativos sobre o respecto aos demais animais.**
- 2. Fomentaremos a adopción de animais.**
- 3. Promoveremos unha educación baseada no respecto e a consideración moral cara aos animais.**
- 4. Impulsaremos que os estudantes do Grao de Veterinaria poidan colaborar con protectoras e refuxios de animais**
- 5. Promoveremos unha sociedade que consuma de xeito responsable.**
- 6. Defenderemos o dereito a obxectar aos experimentos con animais en todo o tramo educativo, con carácter previo á prohibición dos devanditos experimentos.**
- 7. Crearemos un programa sobre defensa dos animais na televisión pública.**

8. Prohibiremos a retransmisión de corridas de touros e outros espectáculos con animais en televisión ou programas que versen sobre esta temática.

9. Posibilitaremos unha opción de menú sen alimentos de orixe animal en todas as administracións e edificios públicos, así como nos centros escolares.

10. Mostraremos partidarios da escola pública como un mecanismo para garantir o dereito á educación e para avanzar cara a unha sociedade máis igualitaria.

CULTURA

Impulsaremos iniciativas culturais e de lecer sen sufrimento animal, tanto para os mozos como para os adultos, e medidas para garantir que a cultura sexa accesible para todos.

Os malos tratos, a tortura e o asasinato deben deixar de ser considerados cultura. Só desta maneira poderemos evolucionar e ser unha verdadeira civilización. Os espectáculos con animais son unha práctica inaceptable, baseada na tortura de seres indefensos.

O Partido Animalista PACMA prohibirá todos aqueles espectáculos nos que se utilicen animais.

11. Prohibición da tauromaquia e de todo espectáculo onde sufran ou morran animais.

12. Prohibiremos os circos con animais.

13. Prohibición da caza e da pesca.

14. Prohibición dos zoolóxicos e dos acuarios.

15. Prohibición das actividades deportivas e de lecer nas que sexan utilizados animais.

16. Defenderemos unha cultura libre, que estea ao alcance de todos.

DEMOCRACIA PARTICIPATIVA

Nos últimos anos estamos a ser testemuñas do estancamento e da degradación da nosa democracia. Os políticos afastáronse do resto da cidadanía e convertéronse en marionetas en mans de multinacionais e de intereses económicos particulares. Cada vez máis persoas estamos a ser conscientes desta situación e demandamos unha democracia máis igualitaria e participativa. O Partido Animalista PACMA creará novos espazos para a participación cidadá, por exemplo, mediante a progresiva implantación da democracia directa a través de Internet, e tamén mellorando os espazos xa existentes. Escoitaremos á cidadanía e os queixumes dos animais.

- 17. Crearemos a figura do Defensor dos Animais.**
- 18. Tomaremos medidas para aumentar a transparencia política.**
- 19. Reformaremos a Lei Electoral para que sexa xusta.**
- 20. Facilitaremos a presentación de Iniciativas Lexislativas Populares (ILP).**
- 21. Promoveremos unha maior participación dos cidadáns na toma de decisións.**
- 22. Impulsaremos unha democracia máis participativa mediante o uso das novas tecnoloxías.**
- 23. Promoveremos debates políticos participativos na televisión pública.**

POLÍTICA EXTERIOR

O Partido Animalista - PACMA defenderá os intereses de todo-los animais ante a Unión Europea, tal e como faremos en España. Crearemos un fronte común xunto ao resto dos partidos animalistas europeos.

- 24. Promoveremos unha alianza dos partidos animalistas europeos.**
- 25. Elaboraremos un rexistro europeo de persoas inhabilitadas para a tenencia de animais.**
- 26. Posicionáremos contra a represión policial hacia o movemento polos dereitos dos animais.**
- 27. Defenderemos aos animais fronte a política Agraria e Pesqueira Común.**
- 28. Tomaremos medidas para loitar contra a pobreza.** - Promover e impulsar medidas para alcanzar a soberanía alimentaria en todo o mundo, evitando a explotación de recursos nos países en vías de desarrollo.
 - - Implantación dun Imposto ás transaccións financeiras.
- 29. Defenderemos un mundo sen violencia, onde os conflitos sexan resoltos tendo en conta os intereses de tódalas partes implicadas.**
- 30. Rechazaremos a ampliación da xornada laboral europea a máis de 48 horas semanais**

ECONOMIA

Necesitamos abrir paso a unha nova economía e a novas formas de consumo que respeten a vida dos animais e que sexan conscientes de que vivimos nun planeta limitado. Os recursos do planeta se están esgotando e debemos traballar para avanzar hacia unha forma de vida desligada do consumo irresponsable e excesivo.

- 31. Pondremos fin á cría e venda de animais domésticos.**
- 32. Prohibiremos as granxas peleteiras en España.**
- 33. Para fomentar o respecto e defensa dos animais e para facer unha democracia máis xusta e igualitaria, tomaremos medidas fiscais.**

34. Tomaremos medidas de austeridade para reduci-lo gasto presupuestario nos políticos.

35. Defenderemos as axudas ao sector agrícola.

36. Retiraremos as axudas ao sector ganadero.

XUSTIZA

A situación xurídica dos animais en España é de unha auténtica indefensión. O Partido Animalista - PACMA promoverá aqueles cambios na lexislación que melloren a defensa dos intereses fundamentais dos animais.

37. Endureceremos as penas para o maltrato animal.

Proponemos modificalo artículo 337 do Código Penal de conformidade co seguinte:

- - Eliminación do requisito de que o maltrato sexa inxustificado.
- - Incremento da duración da pena de prisión, cun límite inferior de tres anos de cárcere. Iso garantiría a entrada en prisión de quenex sexan declarados culpabeis.
- - Incremento da duración da medida de inhabilitación especial hata os vinte anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais (límite máximo establecido polo artículo 40 do Código Penal).
- - Establecemento de inhabilitación especial durante vinte anos para a posesión de animais domésticos, e privación do dereito á tenencia e porte de armas durante dez anos (límites máximos establecidos polo artículo 40 do Código Penal).

38. Prohibiremos o sacrificio de animais sanos en refuxios e en perreras.

39. Derogaremos a lexislación sobre animais considerados potencialmente peligrosos

40. Crearemos a figura do Fiscal contra a Violencia sobre os Animais.

41. Endureceremos o máximo posible as penas de prisión para pirómanos e para os cómplices destes.

42. Endureceremos as leis para quenex xeneren vertidos contaminantes incontrolados.

43. Prohibiremos o sexo con animais e a súa difusión.

44. Defenderemos o obxectivo de Proyecto Gran Simio de dar dereitos aos grandes primates como estratexia para romper a barreira entre especies.

45. Lucharemos contra a corrupción política.

SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Estamos padecendo unha profunda crisis económica que algúns están aproveitando para liquidalos dereitos e os servizos sociais que tanto nos han costado conseguir. O Partido Animalista - PACMA fará un uso eficiente dos recursos económicos públicos. Retiraremos as subvencións públicas a todas aquelas actividades cuxo fin sexa maltratar aos animais ou degradala natureza, e dedicaremos ditos fondos á defensa dos intereses fundamentais de todos e do planeta.

- 46. Faremos que a lei se preocupe polos animais en caso de separación ou divorcio.**
- 47. Defenderemos o dereito á saúde animal.**
- 48. Defenderemos o dereito á saúde humana.**
- 49. Promoveremos medidas para que todo los ciudadanos tengan facilidade para acceder a unha vivenda digna**

TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS

No ámbito laboral e social, teremos en conta os intereses fundamentais de todos os animais.

- 50. Defenderemos o dereito a solicitar tecidos sen produtos de orixe animal no caso de traballadores e funcionarios que deban usar uniforme.**
- 51. Manteremos a axuda de 400 euros para desempregados sen protección.**

FOMENTO

O Partido Animalista - PACMA terá en conta os intereses fundamentais dos animais no desenvolvemento de novas infraestruturas e no mantemento das xa existentes.

- 52. Tomaremos medidas para reducir o número de animais mortos nas estradas e noutras infraestruturas.**
- 53. Elaboraremos unha Guía de Consumo Responsable.**
- 54. Facilitaremos o acceso dos animais a espazos públicos.**
- 55. Promoveremos o etiquetado de produtos sen compoñentes de orixe animal.**
- 56. Fomentaremos o uso da internet**

CIENCIA E TECNOLOXÍA

O Partido Animalista - PACMA promoverá unha ciencia e tecnoloxía subordinada aos dereitos de todos os animais. Tomaremos medidas encamiñadas a impulsar a investigación científica e o desenvolvemento de novas tecnoloxías compatibles cos dereitos dos animais. Poñeremos á ciencia e á tecnoloxía ao servizo de todos os animais.

- 57. Prohibiremos a experimentación animal, e no seu lugar potenciaremos o uso de alternativas científicas éticas.**
- 58. Promoveremos o desenvolvemento de métodos agrícolas que non supoñan un prexuízo para os animais.**

59. Promoverá a ciencia e a tecnoloxía.

60. Financiaremos proxectos de investigación para a produción de carne *in vitro* (carne cultivada).

61. Crearemos unha Lei de Objeción Científica.

POLÍTICAS AMBIENTAIS E PARA A DEFENSA DOS ANIMAIS SALVAXES

O Partido Animalista - PACMA non é un partido ecologista, senón un partido dedicado á defensa de todos os animais. As actividades humanas están perxudicando a vida de billóns de animais salvaxes. España non se queda atrás neste sentido, pois está á cabeza dos países máis contaminantes do mundo. Tomaremos todas aquelas medidas que teñan como finalidade defender aos animais salvaxes.

62. Opoñerémosnos á elaboración do Catálogo de Especies Invasoras e derogaremos a Lei do Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

Rexeitamos a violencia como método para a resolución de conflitos. No caso de que exista un conflito entre distintos animais salvaxes, defendemos a adopción daquelas medidas que teñan en conta as necesidades de todas as partes implicadas. Xestión das poboacións animais mediante métodos non violentos.

Estableceremos un control poblacional de animais domésticos, animais das rúas (cans, gatos, pombas...) e salvaxes.

63. Promoveremos as enerxías limpas 100% renovables que non supoñan un prexuízo para os animais.

64. Fomentaremos o transporte que teña en conta os intereses fundamentais dos animais.

65. Defenderemos que a auga é un dereito, polo que nos opoñeremos ao seu malgaste e a súa privatización.